



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Habilidades Directivas

Materia	Habilidades Directivas			
Código	004M006V01107			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descriidores	Creditos ECTS 3	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Blanco Cerradelo, Lidia			
Profesorado	Blanco Cerradelo, Lidia Gómez Gras, José María Martínez Carballo, Manuel			
Correo-e	lyblanco@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es/">http://faitic.uvigo.es/</a>			
Descripción xeral	A creación e dirección, así como a xestión da innovación, tanto de empresas como de outras institucións/organizacións públicas e privadas, require profesionais cualificados que presenten un amplio conxunto de habilidades que lles permita desenvolver o seu traballo con éxito.			

Esta cualificación obtense cun conxunto de materias que aportan os coñecementos específicos e as habilidades propias da dirección e outras de natureza instrumental.

Máis concretamente, a materia pretende familiarizar e adestrar aos alumnos en recursos e estratexias que faciliten o desenvolvemento do labor directivo optimizando o rendemento orientado á consecución do obxectivo en función da organización.

O constante cambio ao que se encontra sometida a actividade empresarial esixe a os seus profesionais a adaptación continua a este complexo panorama e para iso nada mellor que botar man das habilidades directivas, que axudarán ao alumno a mellorar a comunicación, a xestión de equipos ou a tomar decisións ante situacións complexas e conflitivas, favorecendo así unha imaxe de autoeficacia e satisfacción persoal.

## Competencias

### Código

A1	Posuir e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudiantes saibam aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudiantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrentar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudiantes saibam comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de organización e planificación
B4	Capacidade para a toma de decisións
B5	Capacidade para a resolución de problemas
B6	Capacidade para a transmisión de ideas e a defensa do propio criterio

B8	Capacidade de adaptación a ambientes cambiantes
B12	Capacidade para liderar equipos de trabalho
D2	Capacidade para traballar en ambientes de presión
D4	Capacidade de comunicación, negociación e habilidade para a resolución de conflitos

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aplicar de maneira práctica os diferentes factores a ter en conta para coordinar de forma efectiva a un equipo de persoas.	A2 A3 B1
Identificar as estratexias, actitudes e actuacións necesarias para liderar e motivar equipos de trabalho e/ou persoas.	A1 A2 A3 A4 A5 B12
Comunicar conceptos e ideas de modo claro e directo, tanto verbalmente como por escrito.	A4 B6 D4
Identificar e discriminar as decisións a implementar en procesos de negociación ou que requirán da resolución de conflitos.	A1 A2 A3 A4 B4 B5 B8 D2 D4

### Contidos

Tema
A xestión do tempo .
Técnicas de traballo en equipo .
Técnicas de negociación e resolución de conflitos .
Lideranza e motivación .
Como falar en público .
A comunicación na empresa: o coaching .

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	30	42
Probas de tipo test	1	7	8
Traballos e proxectos	2.5	22.5	25

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descripción
Sesión maxistral	Exposición por parte dos docentes dos contidos sobre a materia, conceptos teóricos, casos prácticos, etc.

### Atención personalizada

Probas	Descripción
Traballos e proxectos	A atención persoalizada terá lugar en titorías no despacho da docente coordinadora. É recomendable acudir a estas titorías cuando aparezan dificultades na comprensión dos conceptos tratados que non sexan suficientemente aclaradas nas clases presenciais.

### Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Probas de tipo test	Os alumnos e alumnas deberán realizar una proba tipo test dos contidos presentados nas clases maxistrais, sendo obligatoria para superar a materia. Necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta proba.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8	D2
Traballos e proxectos	Os alumnos e alumnas deberán entregar nas datas indicadas a análise dos casos que se propoñan polos docentes. Necesario obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 nesta proba.	80	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B8	D4

## Outros comentarios sobre a Avaliación

O conxunto de criterios de avaliación arriba exposto constitúe o sistema de avaliación xeral.

### Exame de segunda convocatoria:

Alternativa a) Exame global dos contidos da materia no mes de xullo. A cualificación do exame será o 100% da nota.

Alternativa b) Só para os estudiantes que teñan seguido a avaliación continua e non teñan superado algúns dos traballos ou probas: os traballos e probas suspendidos poderanse recuperar na data oficial de xullo establecida para a avaliación da materia.

### Observación:

Calquera evidencia de traballos plaxiados ou copiados suporá unha cualificación de suspenso nas dúas convocatorias.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2015-2016. Non obstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algúns imprevistos. Consultade a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>).

## Bibliografía. Fontes de información

- Blanchard, **Todos a una. Tres pasos clave para crear un equipo de alto nivel**, 2006,
- Casado, **Coaching directivo. Desarrollando el liderazgo**, 2003,
- Elorza y Fernández Aguado, **Progreso directivo y coaching empresarial**, 2005,
- Feldman, D., **Coaching**, 2003,
- McKenna, **Primero entre iguales, cómo formar y dirigir un equipo de profesionales**, Última edición,
- Mosley, **Supervisión. La práctica del empowerment, desarrollo de equipos de trabajo y su motivación**, 2005,
- Puchol, L., **El libro de las habilidades directivas**, 2006,
- Thomas, J., **Negociar para ganar: cómo conseguir siempre el mejor acuerdo**, 2005,

## Recomendacións

### Outros comentarios

Os alumnos poderán optar ao comezo do curso, e até o prazo fixado polos profesores, por un sistema de avaliación para asistentes ou por un sistema de avaliación para non asistentes.